



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

**Expte: 2021/G007/000047**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

#### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 02.12.21 (ORDINARIA) E 09.12.21 (ORDINARIA).**

As referidas actas quedaron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade.

#### **2º.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL: PROXECTO DE ACOMETIDA ELÉCTRICA E BOMBERO NA CUBETA (MEIRÁS)**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:**

“Proposta de aprobación da certificación n.º 1 e final do Proxecto *Acometida Eléctrica e Bombeo en A Cuberta* da Convocatoria POS+AD2-OBRASSUM/2019 Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2) Anualidade 2019 da Excma. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 14 de decembro do 2021.

A devandita certificación n.º 1 e final do Proxecto *Acometida Eléctrica e Bombeo en A Cuberta* foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 14 de decembro do 2021 (202199900001894) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente o 27 de setembro do 2021 pola empresa adxudicataria TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD S.L. con C.I.F. núm. B70142369 por importe de 30.248,91 €.

Visto o Informe de Intervención e en virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

**Primeiro.-** Aprobar a certificación n.º 1 e final do Proxecto *Acometida Eléctrica e Bombeo en A Cuberta* e a correspondente factura número 01 00000301 do 27 de setembro 2021 con número de rexistro contable F/2021/2410, emitida por TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD S.L. con C.I.F. núm. B70142369 por importe de 30.248,91 €.

**Segundo.-** Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 do Proxecto *Acometida Eléctrica e Bombeo en A Cuberta* da Convocatoria POS+AD2-OBRASSUM/2019 Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2) Anualidade 2019 da Excma. Deputación de A Coruña deberá descontárselle 867,75 € pola dirección e inspección de obra e 289,25 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

**3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA SISTEMA TAXACIÓN CONXUNTA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO: SISTEMA XERAL VIARIO (GLORIETA ENTRE A ESTRADA DA ALDEA A LAGOA E ESTRADA Á PRAIA).**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

**“ASUNTO: Aprobación definitiva expropiación urbanística sistema taxación conxunta do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: sistema xeral viario (glorieta entre a estrada da aldea a lagoa e estrada á praia).**

Visto o Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: sistema xeral viario (Glorieta entre a Estrada da Aldea á Lagoa e Estrada á praia), asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez, con nº de colex.2.261.

Considerando o certificado de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade de Narón, rexistrado de entrada neste Concello ao número 20210000001892, en data 10 de agosto de 2021.

Visto o informe de secretaria asinado con data 7 de agosto de 2021 sobre a lexislación aplicable e procedemento.

Visto o informe técnico asinado por Miguel Nieto Matamoros nº colexiado 16.879 de data 04 de agosto de 2021, e presentado neste concello o 6 de agosto de 2021 rexistrado de entrada baixo o nº 202199900001229 no que se sinala no apartado 6. CONCLUSIÓN:

“A la vista de la información analizada, y el estado actual del viario existente en el entorno de la glorieta e intersección de la Estrada Aldea-A Lagoa y Estrada da Praia, se informa lo siguiente: Los viales existentes que confluyen en la glorieta no disponen de itinerarios peatonales accesibles requeridos para los espacios urbanizados, según la normativa vigente en materia de accesibilidad. La ejecución del itinerario peatonal accesible en la confluencia de la Estrada Aldea-A Lagoa con la Estrada da Praia requiere la ocupación y demolición del edificio situado en la parcela con referencia catastral nº 8593501NJ6289N0001PD, el cual se encontraría, según los criterios que establece la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento, aprobada el 17 de febrero de 1999, fuera de planeamiento, entendiéndose que los terrenos que ocupa están calificados como sistema viario en las mencionadas Normas Subsidiarias de Planeamiento. Todo ello sin perjuicio de lo que establezca una opinión mejor fundada.”

Con data 19 de agosto de 2021, procedeuse pola Intervención de este Concello, a emitir documento contable de autorización de gasto pola cantidade de 17.604,73 euros correspondente á valoración da expropiación.

Con data 6 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno Local deste Concello, adoptou entre outros o seguinte acordo “Aprobación inicial expropiación urbanística sistema taxación conxunta do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: sistema xeral viario (glorieta entre a estrada da aldea a lagoa e estrada á praia).”

Cumplido o trámite de información pública conforme o disposto no artigo 118 Lei 2/2018, de 10 de febreiro, mediante a publicación do anuncio no DOG nº 184 durante o prazo dun mes así coma a publicación no diario La Voz de Galicia. Igualmente, notificouse individualmente os interesados no procedemento dando traslado con traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidera formular cantas alegacións e reclamacións considerase oportunas.

Considerando o informe de data 25 de outubro e 2021 emitido polo encargado de Rexistro de este Concello foron presentadas en tempo en forma as seguintes alegacións:

“-Nº de rexistro de entrada: O00006300E2103382149. Nombre: Jose Manuel Buján Pereiro.”

Considerando o informe técnico sobre alegacións en información pública á aprobación inicial, asinado polo arquitecto José Isidro López Yáñez, emitido en data 06 de novembro de 2021.

Examinada a documentación que acompaña o expediente, esta Alcaldía en uso das atribucións atribuídas no artigo 21 j) da Lei 7/1985 reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** - Desesimar as alegacións presentadas en data 30/9/2021 por José Manuel Buján Pereiro, en base ás consideracións que constan no informe asinado por José Isidro López Yáñez, emitido en data 06 de novembro de 2021, que se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local do concello de Valdoviño acordou con data de 26 de agosto de 2021 aprobar inicialmente o proxecto de expropiación urbanística mediante o sistema de taxación conxunta para a execución de planeamento do sistema xeral viario (Glorieta entre a Estrada da Aldea A Lagoa e Estrada á paria).

Que no prazo de información pública concedido, por José Manuel Buján Pereiro con NIF33.856.626-M, preséntase con data de 30/9/2021 escrito de alegacións, no que manifesta a súadesconformidade coa valoración dos bens afectados que figura no proxecto, e acompaña taxación asinada polo Arquitecto D. Carlos Moyano Pérez, que ascende á suma de 42.557,13 €.

A valoración formulouse de acordo cos criterios e métodos de valoración establecidos na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa, e en concreto, no Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU) e no Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo (RVLS), nos termos establecidos no proxecto.

Que segundo o establecido no artigo 293.7 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, a resolución aprobatoria do expediente notificarase as persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de 20 días durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

En tal caso, darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fixar o xusto prezo que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente.

Segundo o disposto no artigo 293.8 do mencionado Decreto, se as persoas interesadas non formulasen oposición á valoración no citado prazo de 20 días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

A vista do exposto, propónse desestimar as alegacións formuladas e continuar coa tramitación do expediente nos termos establecidos no Decreto 143/2016."

**SEGUNDO.** - Aprobar definitivamente o Proxecto de expropiación polo procedemento de tasación conxunta para a execución de planeamento. Sistema xeral viario (Glorieta entre a Estrada da Aldea A Lagoa e estrada á praia, e as tasacións das fincas nel contenidas.

**TERCEIRO.** - Proceder a notificación individualizada da presente resolución aos interesados outorgándolles un prazo de vinte días aos efectos de que poidan manifestar por escrito a súa desconformidade coa valoración establecida. No caso de desconformidade, darase traslado do expediente e a folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos de fixar o xustiprezo, que en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente. Se non hai oposición no prazo sinalado, a valoración entenderase aceptada e determinado o xustiprezo definitivamente e de conformidade.

Advírtese que o acordo de aprobación definitiva do expediente de tasación conxunta implicará a declaración de utilidade pública e declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, o que implica que os terreos poderán ser ocupados unha vez aboado o xustiprezo, ou no seu defecto consignado o prezo.

**CUARTO.** – As actuacións do expediente expropiatorio entenderase, en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto de expropiación, polo que se pon de manifestó a conveniencia de presentar certificacións rexistrais e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago únicamente se

realizará a favor dos titulares rexistrados do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a cosignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos presos das fincas.

**QUINTO.** –Convocar a José Manuel Buján Pereiro titular dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio, no salón de Plenos do Concello de Valdoviño, Avenida Porta do Sol o día 27 de xaneiro de 2022 as 11 horas, co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida da ocupación dos devanditos bens e dereitos afectados, 17.604,73 euros. Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente, o que terá lugar en presenza dun representante da Administración expropiante e do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Valdoviño ou da persoa en quen delegue.

**SEXTO.** - Ordenar o pago do importe indicado no apartado quinto desta proposta, chegado a data sinalada no mesmo punto.

**SEPTIMO.** - Publicar a convocatoria para o pago do importe da valoración establecida e levantamento da acta de ocupación de conformidade e co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

**OITAVO.** - Designar como representante da Administración nas presentes actuación a tesoreira municipal ou funcionario/a que no seu caso a substitúa.

**NOVENO.** - Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a toma en consideración e tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de inclusión dos bens e dereitos afectados por este proceso no inventario de Bens e dereitos do Concello de Valdoviño, así como as persoas designadas nas liñas anteriores.

**DÉCIMO.** - Dar traslado aos departamentos de intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

**Esta é a miña proposta. Non entanto, a Xunta de Goberno Local, apróbaa o que estime máis convinte.**

En Valdoviño a 15 de decembro de 2021”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

#### **4º.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E MENORES (AGASALLOS DE NADAL).**

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E MENORES 2021 (AGASALLOS DE NADAL):

“Vista a proposta de informe de valoración das “Axudas para as medidas de apoio ás familias e menores na adquisición de agasallos de Nadal” do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido pola educadora social Iria García Martínez

e vista a acta asinada da Comisión avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras, conformado por:

- Pilar Caamaño (Concelleira Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Alberto González (Alcaldía- Presidente)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)

e que se transcribe a continuación

**“ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA NO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES NA ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL 2021.**

*Reunida a Comisión avaliadora en relación ao procedemento de CONCESIÓN DE AXUDAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL o día 14/12/2021 ás 09:45 horas procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instructor do procedemento, e que se transcribe a continuación:*









*“INFORME- PROPOSTA PROVISIONAL DAS SOLICITUDES DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES NA ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2021. Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en aplicación das bases que regulan as axudas para a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias e menores (aprobadas en Xunta de Goberno Local en data 25.11.2021) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello*

**INFORMO:**

- . Que foron valoradas as 22 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos.
2. Que aquelas familias que xa solicitaron anteriormente a axuda para material escolar e transporte, ao coincidir a documentación solicitada e xa constar esta no poder do Concello, non foi preciso presentala, agás as actualizacións pertinentes.
3. Que a avaliación foi realizada segundo os criterios contemplados nas bases da convocatoria.
3. Tras a revisión das solicitudes por parte do equipo técnico do Departamento,

1. **CUMPREN** os requirimentos establecidos nas bases as seguintes:

21 **SOLICITUDES**, e aplicando os criterios para concesión das axudas queda do seguinte xeito:

Nº	NOME	DNI/NIE	N.º MENORES	CANTIDADE CONCEDIDA
1	M.A.D.B		1	50,00€
2	D.J.R.		5	250,00€
3	C.B.J.		1	50,00€
4	M.C.G		1	50,00€
5	C.M.B.		2	100,00€
6	I.B.N.		2	100,00€
7	J.M.R.		2	100,00€
8	A.N.R.T.		3	150,00€

9	M.T.G.P.		2	100,00€
10	M.A.G.P.		1	50,00€
11	M.V.S.M.		2	100,00€
12	M.E.R.J.		1	50,00€
13	M.C.G.G.		6	300,00€
14	M.R.F.		2	100,00€
15	J.P.M.		2	100,00€
16	M.A.A.		2	100,00€
17	M.B.R.P.		1	50,00€
18	M.R.O.C.		2	100,00€
19	L.H.L.		2	100,00€
20	R.T.P.		2	100,00€
21	M.C.V.G.		1	50,00€
<b>TOTAL</b>				<b>2.100,00€</b>

### 3.2. *NON CUMPRE os requirimentos establecidos nas bases:*

*1 SOLICITUDE, por superar os ingresos establecidos nas bases da convocatoria.*

*1 M.A.R.P 32705855-Q 2 0,00 € NOTA*

*Unha vez se resuelva a subvención, as familias deberán xustificar a compra realizada mediante documentos formais e o Anexo II debidamente cuberto e asinado, entre o 10 e o 24 de xaneiro (xustificantes das compras realizadas cos vales ata o 20 de decembro de 2021).*

*Este é o informe que se emite para que sexa elevado a comisión avaliadora e que teña efecto a proposta de concesión de axudas para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.*

*En Valdoviño a 13 de decembro de 2021 Iria García Martínez Educadora Social*

*Con cinco votos a favor e cero votos en contra, acórdase dar para adiante ao informe e á proposta de concesión das axudas correspondentes.*

*Pilar Caamaño (Concelleira de Servizos Sociais)*

*Senén Martínez (Servizos económicos)*

*Iria García (Servizos Sociais)*

*Carlota González Navarro (Secretaría)*

*Alberto González Fernández (Alcalde- Presidente)*

*Valdoviño, 14 de decembro de 2021”*

**PROPOÑO:** á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesións das axudas para as medidas de apoio ás familias e menores do ano 2021 para a adquisición de agasallos de Nadal por un valor total de 2100 euros e proceder á xestión das ditas concesións.

Valdoviño., 15 de decembro de 2021.

O alcalde. Alberto González Fernández.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

### **5º.- APROBACIÓN CONTRATACIÓN CONCILIA TEMPOS NADAL 2021.-**

## PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS NADAL 2021:

” Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de levar a cabo o programa “Concilia Tempos Nadal” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante este período vacacional.

Vista a retención de crédito practicada polos servizos económicos do Concello e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

### INFORME PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS NADAL” (2021) ANTECEDENTES

*En data 02.12.2021 foi aprobado en Xunta de Goberno Local a proposta para iniciar o procedemento para a contratación do programa Concilia Tempos Nadal atendendo á necesidade de ofertar un servizo de conciliación da vida familiar e laboral nos períodos vacacionais.*

#### OBXECTIVO

*Desenvolver un recurso para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral cunha metodoloxía lúdico-coeducativa que ofrezca un espazo seguro, educativo e divertido para nenos e nenas entre 3 e 12 anos nas vacacións de Nadal, a través da contratación dunha empresa externa especializada no sector lúdico-coeducativo.*

#### CONTEXTUALIZACIÓN

*O Programa desenvolverase en instalacións municipais que teñan un espazo interior e outro exterior cuberto, para un axeitado desenvolvemento da programación de actividades, e levarase a cabo durante 10 días: 23, 24, 27, 28, 29, 30, e 31 de decembro e 3, 4 e 5 de xaneiro, entre as 8:30 e as 14:30 horas.*

*A ratio será de 10-12 nenos e nenas por cada persoa profesional (sempre que non superen o 50% os nenos e nenas menores de 6 anos), partindo dunha previsión de 20-24 prazas para dúas persoas que acompañen.*

#### PROCEDEMENTO

*Enviouse unha solicitude de propostas técnicas e económicas a varias empresas do sector: La Guagua, Espacio Vivo, Gazapo, Pabulandia e Picariños. Das ditas empresas La Guagua comunicou que non estaba interesada en presentar a oferta e Picariños presenta a súa dentro do prazo establecido.*

#### ORZAMENTO

*O orzamento da única proposta presentada, é de 2486,95 euros.*

#### PREZOS PÚBLICOS

*Para o orzamento tense en conta a aportación económica das familias usuarias segundo a ordenanza correspondente. Atendendo ao texto da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos:*

*“Se entienden por actividades extraescolares aquelas actividades de cualquier tipo organizadas por el Ayuntamiento, con personal propio o contratado expresamente para esa finalidad, realizadas en instalaciones propias o en la de los centros escolares del municipio y destinadas a los alumnos de los centros educativos del término municipal, con una duración igual o inferior al curso escolar. Cuota única: inscripción anual: 36,88 euros.”  
proponse o prezo establecido de 36,88 euros por neno ou nena.*

*Este prezo non permite cubrir na súa totalidade os gastos de organización aos que fai referencia a ordenanza. Sen embargo, acolléndose ao texto do TRLFL (“Texto refundido da Lei de Facendas Locais”), no seu artigo 44, referente á contía:*



1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se e houbera.”.

Considerando o punto 2, dende o departamento de Servizos Sociais faise o axuste necesario segundo as características da poboación destinataria e os parámetros habituais do custo das actividades, establecendo a cantidade de 36,88 euros mes por neno ou nena participante.

#### VALORACION DE PROPOSTAS

Considerando que unicamente foi presentada unha proposta, e que a dita entidade está a desenvolver con satisfacción un servizo con obxectivos semellantes ao obxecto da contratación, valórase positivamente que sexa aceptada.

Por todo o exposto, ante a necesidade de dar cobertura ás familias para a conciliación, sería pertinente aprobar a contratación da empresa Picariños para a realización das actividades lúdico-coeducativas para a conciliación da vida familiar e laboral durante os días laborables do Nadal, por un importe de 2486,95 euros.

Valdoviño, 14 de decembro de 2021 Iria García Martínez Educadora Social

**PROPOÑO:** á Xunta de Goberno Local, aprobar o contido do informe técnico e aprobar a contratación da empresa “Picariños” polo importe de 2486,95 euros, coas condicións recollidas na proposta, para a realización do Programa Concilia Tempos \_ Nadal 2021 durante os días de vacacións escolares.

Alberto González Fernández. O Alcalde”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

### **6.º- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA NADAL, ÁREA CULTURA.-**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA :**

“ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Alcalde do CONCELLO DE VALDOVIÑO tendo en conta a necesidade de complementar o programa de nadal con unha serie de actividades e propostas que veñen sendo habituais ao longo dos últimos anos para a veciñanza , e, tratando tamén de ofertar actividades que acaden o interese para todos os tipos de público aínda que facendo especial fincapé no público familiar

#### PROPOÑO

Incluir no mes de decembro a seguinte proposta que completa a programación de Nadal do Concello de Valdoviño :

NADAL 2021					
ACTIVIDADE	ENTIDADE	CIF	CUSTO	PROGRAMA	DATAS
CALENDARI	PILAR_PARAMES_CAR	32649319Z	3.121,80	NADAL	23 DE

OS PARA A VECINANZA. CONCELLO VALDOVIÑO 2022	RERA				DECE MBRO
PRESENTACI ÓN DO CALENDARI O E E MONÓLOGO DE MARITA MARTÍNEZ	Ainé Producións S.L.	B70433032	968,00	NADAL	23 DE DECE MBRO
VALES AGASALLO PARA AUTORES DE FOTOS QUE VAN NO CALENDARI O	COMERCIO LOCAL. PASARASE INFORME.		17 FOTOS x 50 euros cada vale = 850 euros	NADAL	DO 23 DE DECE MBRO DE 2021 AO 30 DE XUÑO DE 2022
BRAIS DAS HORTAS "CONSERTAS SO DA HORTA"	CHARLATANA S. COOP. GALEGA	F70514179	650,00	NADAL	27 DE DECE MBRO
PAULA CARBALLEIR A "CAMIÑOS DE MAR, TERRA E VENTO"	BERROBAMBÁN SL	ESB700964 33	450,00	NADAL	28 DE DECE MBRO
TEATRO GHAZAFELH OS "A MÁQUINA	URDIME, S. COOP. GALEGA	F70353982	500,00	NADAL	29 DE DECE MBRO

DO TEMPO”					
CARTA DE AJUSTE VERSIONES & RISAS	PABLO BALSEIRO CARRODEGUAS		900,00	NADAL	30 DE DECEMBRO

Valdoviño, 13 de decembro de 2021.  
Alcalde. Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

FORA DA ORDE DO DIA

Pola Presidencia, presentase coma asunto por urxenza o seguinte motivada a urxenza na conveniencia de non retardar a resolución de expedientes.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade ratifica a urxenza, e inclúese dito punto na Fóra da Orde do Día:

**- EXPEDIENTE DA ÁREA DE URBANISMO.-**

***Expediente de obra maior.-***

**- Expte. de obras 150/2021.- MARIA PUENTE CALVO.-** Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada no [REDACTED] parroquia de Meirás, Valdoviño en solo clasificado como **SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA Y SUELO NO URBANIZABLE (Común)**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta María Puente Calvo.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 16 de decembro de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.- Conceder** licenza construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] parroquia de Meirás, Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta María Puente Calvo e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 16 de decembro de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1.128,50 €. ICIO.- 5.191,11 €.

**Cuarto.- Aprobar** o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

#### PARTE ACTIVIDADE

#### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e trinta minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*